

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CBARG01	Artes Gráficas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3125	Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos	2018/2019	5	177	177
MPMP31_25	Preparación e acondicionamento para os acabamentos	2018/2019	5	75	75
MPMP31_25	Acabamento, manipulación e encadernación de produtos gráficos	2018/2019	5	102	102

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SOLEDAD CORUJO PEREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos está dirixido a formar e crear novos traballadores para os traballos de postimpresión nas AAGG.

Ainda que as novas tecnoloxías fixeron que o número de traballadores no proceso gráfico sexa menor, o fase de acabado e finalización dos produtos segue mantendo un alto porcentaxe de emprego, polo cal fai necesario a creación de traballadores con alto grado de formación neste campo.

O módulo forma o alumno nun traballo capacitado para desenrolar as actividades de finalización do produto dunha maneira eficiente, segura e de calidade. Polo cal fai necesaria a continua formación para unha maior produción de calidade no sector gráfico.

Contextualización do contorno produtivo: A presente programación didáctica correspondese co módulo formativo Tratamento de Textos do Ciclo Medio de Preimpresión Dixital que se imparte no CIFP Compostela, en Santiago de Compostela.

Na actualidade o CIFP Compostela conta con moitas empresas, que colaboran ou colaboraron acollendo estudantes para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT). Dentro destas, temos empresas con actividades: editoriais, publicidade, deseño gráfico, prensa, talleres de preimpresión e imprentas. tipoloxía do alumnado:

A tipoloxía do alumnado é moi heteroxénea ao ter distintas procedencias xeográficas, normalmente nun entorno no que se mesturan a orixe rural e a urbana, e diferentes nacionalidades, e con distintas bagaxes culturais.

Contextualización do módulo: O desenvolvemento deste módulo faise en 177 unidades lectivas de 60 minutos, distribuídas en 5 sesións semanais o longo do curso.

En canto a distribución provincial das empresas na comunidade galega, a maior parte dos locais están situados en A Coruña (47,17%), seguido en orde de importancia por Pontevedra (37,61%).

A acusada atomización das unidades produtivas do sector galego de artes gráficas, tratándose dunha actividade na que operan un elevado número de empresas pequenas.

En canto as perspectivas destas tecnoloxías para os próximos anos, apreciase que, salvo no caso da serigrafía, máis do 40% das industrias teñen previsto aumentala súa actividade coas tecnoloxías que utilizan. No que respecta a tecnoloxía dixital máis do 70% das empresas que as empregan actualmente fórmulanse incrementar a súa actividade.

A comarca de Santiago de Compostela mantén porcentaxes similares en tódolos aspectos mencionados anteriormente para o sector en Galicia. É importante destacar que nesta comarca e nas limítrofes, está asentada unha porcentaxe moi elevada da poboación de Galicia e das empresas do sector das Artes Gráficas.

No que respecta os principais soportes empregados seguen a ser os papeiros, en tódalas súas variedades, os que representan o porcentaxe máis elevado, distinguíndose sectores como a imprenta comercial, o envase e o embalaxe.

PERFIL PROFESIONAL



O perfil profesional deste alumnado vai dirixido cara a realización das operacións necesarias para o acabamento do proceso gráfico

Os postos de traballo que poderían ser desempeñados son no sector de artes gráficas, en acabamentos de produtos gráficos.

Realiza o seu traballo no departamento de acabamentos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Procesos manuais de manipulación dos produtos gráficos.	Vixión xeral dos procesos de elaboración e manipulado de encadernacións, embalaxes...	25	10
2	Acondicionamento da área de traballo	Preparación dos materiais empregados na encadernación e a zona de almacenaxe	25	10
3	Recursos para encadernacións e acabados en reprografía	Descrición das ferramentas e maquinaria empregada no proceso de acabamento.	25	10
4	Acabados en reprografía	Descrición dos diferentes acabados dos produtos gráficos según a as máquinas empregadas	20	20
5	Innovación no acabamento gráfico	Creación creativa nos procesos de acabamentos.	5	10
6	Encadernación de materiais reprográficos	Elaboración dos diferentes acabados: espiral, cosido, wire-o...	42	30
7	Procedementos manuais de finalización.	Manipulación e encadernación de produtos gráficos.	35	10



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Procesos manuais de manipulación dos produtos gráficos.	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os principais procesos de manipulacións básicas que se aplican a materiais e produtos gráficos, interpretando ordes de produción e secuenciando as operacións básicas necesarias para realizar os traballos en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os produtos gráficos máis comúns que requiran operacións básicas de manipulación (cartafolios, bloques, talonarios, folletos, sobres, bolsas, etc.), identificando e secuenciando as principais operacións de manipulación
CA1.2 Interpretouse a información salientable para o traballo contida en ordes de produción tipo (parámetros, signos, marcas, esbozos, mostras ou maquetas), interpretando o vocabulario utilizado
CA1.3 Descríbense os procesos básicos de manipulacións (formatar, igualar, alzar, encartar, embuchar, grampar, encolar, envarar, etc.), en relación cos produtos gráficos que se poden elaborar
CA1.4 Comprobase que a información recibida inclúa os datos necesarios (cotas de corte e signos de encartadura, fendedura, furada e perforación), completáronse ou solicitáronse os datos que falten e realizouse, de ser o caso, un esbozo coas indicacións relativas ao tipo de manipulación necesaria, ao tamaño, ás marcas ou liñas de corte, á encartadura e á fendedura
CA1.5 Descríbense as características dos materiais susceptibles de manipulación pola súa natureza (celulósicos, non celulósicos, plásticos, lonas, etc.) e polas súas características físicas (gramaxe, espesor, flexibilidade, rixidez, dureza, estabilidade dimensional, dirección de fibras, etc.)
CA1.6 Identifícanse os materiais ligantes ou de unión máis comunmente utilizados en procesos sinxelos de manipulación (adhesivos, colas, grampas, aros e ferrollos), en relación cos utensilios requiridos para a súa aplicación (pranchas térmicas, roletes, brochas, grampadoras, remachadoras, etc.)
CA1.7 Relaciónanse os materiais coas súas principais aplicacións (trípticos, portadas, etiquetas, interiores e tapas de libros, cadernos, bloques, displays e pancartas)
CA1.8 Relaciónanse os produtos gráficos que requiran manipulacións sinxelas co material axeitado para a súa realización e coas ferramentas, os utensilios e os produtos auxiliares necesarios (remaches, ollais, imáns, botóns de presión, cantoneiras, etc.)
CA1.9 Descríbense as diferenzas operativas no pegado entre materiais, identificando as operacións, os equipamentos e os utensilios necesarios para a aplicación de colas e adhesivos de diferente natureza (orgánicas, acrílicas, solventes, sólidas, térmicas, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
Procesos básicos de manipulación.
Características dos produtos gráficos para manipular.
Datos e instrucións técnicas en procesos básicos de manipulación: signos, marcas e esbozos.
Vocabulario e simboloxía básicos en procesos manuais de manipulación de produtos gráficos.
Utilización de produtos, materiais e utensilios en procesos básicos de manipulación.
Tipoloxía dos materiais: características, propiedades e aplicacións.
Características técnicas dos materiais: gramaxe e espesor; flexibilidade e rixidez.
Materiais ligantes.
Preparación de colas e adhesivos: métodos de aplicación. Medidas e equipamentos de seguridade.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Acondicionamento da área de traballo	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Acondiona a área de traballo para a realización de manipulacións básicas de produtos gráficos, dispoñendo os materiais, as máquinas auxiliares e os utensilios para posibilitar a execución das operacións en condicións de produtividade, calidade e seguridade	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos, as ferramentas e os espazos necesarios para realizar as operacións básicas de manipulacións na finalización de produtos gráficos
CA2.2 Identifícanse as actividades necesarias para o desenvolvemento das operacións básicas de manipulación na finalización de produtos gráficos de acordo cos obxectivos marcados
CA2.3 Optimízase a disposición dos utensilios e dos materiais necesarios para as operacións básicas de manipulacións na finalización de produtos gráficos
CA2.4 Dispúxose a zona de traballo de xeito que sexa posible a adopción de posicións ergonómicas que limiten a fatiga e eviten os riscos de lesións nas operacións básicas de manipulación na finalización de produtos gráficos
CA2.5 Dispuxéronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de máquinas e utensilios para a manipulación de produtos gráficos

4.2.e) Contidos

Contidos
Aproveitamento óptimo do espazo.
Disposición de zonas para o aprovisionamento e o empillamento de produtos e materiais.
Situación de máquinas, equipamentos e ferramentas.
Preparación dos utensilios e as ferramentas para cortar, encartar, fender, pegar e encaixar.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de acabamento en reprografía e de finalización de produtos gráficos. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Equipamentos de protección individual.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Recursos para encadernacións e acabados en reprografía	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Dispón os recursos necesarios para a realización de encadernacións funcionais e outros acabamentos propios de reprografía, seleccionando materiais e equipamentos de acordo coas especificacións técnicas establecidas	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as especificacións de acabado dos produtos de reprografía indicadas na orde de traballo
CA3.2 Identifícanse as máquinas, as ferramentas e os utensilios máis comunmente utilizados nas operacións de encadernación funcional de reprografía, pola súa estrutura e funcionalidade
CA3.3 Identifícanse as máquinas, as ferramentas e os utensilios máis comunmente utilizados nas operacións de acabado propias de reprografía, pola súa estrutura e funcionalidade
CA3.4 Identifícanse os materiais máis comúns empregados para as tapas, especificando a súa función e a súa utilidade
CA3.5 Identifícanse os elementos físicos de pechamento e enlombamento (encadernadores, parafusos, aros, etc.), en relación coas súas formas, os seus tipos e as súas calidades
CA3.6 Descríbense os materiais máis comunmente empregados no acabado e na manipulación de produtos de reprografía (papel, cartón, plástico, grampas, pechamentos, lombos, etc.)
CA3.7 Descríbense os manexadores máis característicos dos equipamentos de encadernación funcional e acabamentos propios de reprografía
CA3.8 Relacionouse o produto que se pretenda obter cos materiais e co tipo de acabado que se vaia empregar
CA3.9 Seleccionáronse os materiais axeitados atendendo ao seu tamaño, á gramaxe, á textura, á cor, etc., así como os equipamentos apropiados para o acabado do produto

4.3.e) Contidos

Contidos
Especificacións de acabado: indicacións en ordes de traballo.
Máquinas, utensilios e ferramentas para encadernación mecánica ou funcional: estrutura e funcións. Manexadores.
Materiais e utensilios de encadernación (papel, cartón, plásticos, grampas, parafusos, aros, etc.): aplicacións.
Máquinas, utensilios e ferramentas para acabamentos de materiais reprográficos: estrutura, funcións e aplicacións.
Materiais e utensilios para o acabado de materiais reprográficos (papel, cartón e plásticos): aplicacións.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Acabados en reprografía	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén produtos acabados propios de reprografía e, de ser o caso, dispón materiais reprográficos para a seguinte fase do proceso, realizando operacións de corte, encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc., utilizando equipamentos específicos de pequeno formato, en condicións de seguridade	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os tipos de acabado máis comunmente utilizados en reprografía
CA1.2 Relaciónanse os tipos de acabado (encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc.) coas máquinas e cos utensilios necesarios para a súa realización
CA1.3 Optimízase o número de cortes mediante a súa planificación
CA1.4 Axustáronse os elementos de guillotinas e/ou cisallas de pequeno formato, comprobando o funcionamento dos sistemas de seguridade
CA1.5 Realizáronse operacións de desmontaxe e montaxe dos elementos variables que actúan sobre o soporte que se vaia tratar nas máquinas de acabado dadas (peites de fendedura, furada, etc.)
CA1.6 Realizáronse operacións de encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura, autoplastificación, etc., asegurándose de que os resultados se correspondan coas instrucións establecidas
CA1.7 Realizáronse acabamentos mediante a utilización de máquinas usuais en reprografía (alzadoras, fendedoras, laminadoras, encartadoras de planos, etc.)
CA1.8 Aplicáronse as medidas de seguridade relacionadas coa utilización de equipamentos de pequeno formato para corte, encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura ou autoplastificación de produtos gráficos

4.4.e) Contidos

Contidos
Manipulacións e acabamentos propios de reprografía.
Tipos de acabamentos: encartadura, fendedura, perforación, furada, tradeadura e autoplastificación. Instrucións, esbozos e modelos.
Equipamentos de encartadura de planos e de autoplastificación, alzadoras, fendedoras e laminadoras. Axuste. Sistemas de seguridade.
Equipamentos e dispositivos de corte: cisallas e guillotinas. Axuste. Sistemas de seguridade.
Planificación e execución das operacións de corte. Aproveitamento de materiais.
Procedementos de traballo seguro no acabado de reprografía.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Innovación no acabado gráfico	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos
CA2.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito no acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos
CA2.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada co acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos

4.5.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora no acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación no acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada co acabado, a manipulación e a encadernación de produtos gráficos.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Encadernación de materiais reprográficos	42

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza encadernacións mecánicas ou funcionais utilizando sistemas e equipamentos específicos, ordenando e dispoñendo os materiais reprográficos de acordo coas instrucións establecidas	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os tipos de encadernación mecánica ou funcional máis comunmente utilizados en reprografía
CA3.2 Relaciónanse os tipos de encadernación máis comúns de materiais reprográficos (de aros, con parafusos, con presillas, de espiral, espiral, wire-o e con lombo) cos utensilios e as máquinas necesarias para a súa realización
CA3.3 Selecciónouse o tipo de encadernación máis apropiado para cada caso (canoto, espiral, wire-o, aros, faster, cosedura con arame ou grampaxe, térmica, etc.)
CA3.4 Dispuxéronse os materiais e os equipamentos para cada tipo de encadernación segundo as instrucións recibidas
CA3.5 Comprobase que a calidade do produto terminado se corresponda coas especificacións técnicas recibidas
CA3.6 Comprobase a existencia e o correcto funcionamento das medidas de seguridade propias das máquinas (botóns de parada, carcacas, inmovilizadores, células fotoeléctricas, etc.)
CA3.7 Utilizouse maquinaria convencional para a encadernación de materiais reprográficos (alzadoras, grampadoras, tradeadoras, etc.)
CA3.8 Adoptáronse as medidas de seguridade relacionadas coas operacións de encadernación mecánicas ou funcionais

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos de encadernación mecánica ou funcional: características, aplicacións e especificacións técnicas.
Proceso de encadernación: sistemas.
Equipamentos de encadernación mecánica ou funcional.
Axuste de equipamentos. Instrucións técnicas.
Operacións de mantemento de primeiro nivel.
Operacións de encadernación. Preparación e disposición dos materiais. Calidade do produto terminado.
Medidas de seguridade relacionadas coas operacións de encadernación mecánica ou funcional.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Procedementos manuais de finalización.	35

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza operacións básicas de finalización, manipulación e transformación de produtos gráficos, aplicando procedementos manuais en condicións de calidade, seguridade, saúde e protección ambiental	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse as ferramentas e os utensilios utilizados en procesos manuais e simples de manipulación, transformación e encadernación, e clasifícanse segundo a súa función
CA4.2 Descríbense as operacións que se realizan nos procesos básicos e manuais de encadernación, manipulación e transformación de materiais gráficos (igualación, contaxe, alzado, embuchadura, encartadura, fresaxe, encolado, armaxe, marcaxe, numeración, montaxe de conxuntos e subconxuntos, ensamblaxe, forrado, etc.), en relación coas ferramentas e cos utensilios axeitados
CA4.3 Verifícase que o tamaño, o tipo e a cantidade dos materiais recibidos se correspondan coas indicacións da orde de traballo
CA4.4 Realízase a encartadura manual segundo as indicacións recibidas referentes ao tipo de operación, número de dobras, medidas, tamaño de papel, etc., utilizando a encartadora de man ou outros utensilios apropiados, e valorando a necesidade de fendedura previa en función da gramaxe e do sentido da fibra
CA4.5 Realízase a fresaxe manual dos lombos de bloques segundo as indicacións recibidas en cada caso (número de follas do bloque, tipo de papel ou cartolina, etc.), utilizando o serrón, a lima ou outros elementos axeitados
CA4.6 Realízase o encolado do lombo dos bloques de papel preparados, segundo as indicacións recibidas
CA4.7 Refiláronse os cantos de produto gráfico (bloques de follas, láminas, lonas e cartóns), utilizando coitelas de corte, regras de trazado, enxeños e/ou cisallas
CA4.8 Perforáronse manualmente follas de papel, cartón ou outros materiais, utilizando sacabocados ou brocas ocas, do diámetro establecido e na posición indicada
CA4.9 Contracóláronse materiais de distinta natureza aplicando películas uniformes do adhesivo, exercendo a presión mediante espátulas, panos e roletes, de acordo coas indicacións establecidas
CA4.10 Realízanse operacións de marcaxe, estampación ou numeración manual de produtos gráficos, asegurando a correcta colocación, lexibilidade e calidade previstas, de acordo coas indicacións establecidas
CA4.11 Montáronse conxuntos de varios elementos, asegurando a integridade e o número de pezas que o compoñen, de acordo coas instrucións recibidas
CA4.12 Ensambláronse e, de ser o caso, forráronse caixas, cartafolios ou outros produtos de cartón compacto, colocando e fixando os seus compoñentes de xeito que se garanta a integridade e a estabilidade do produto montado, de acordo coa mostra autorizada
CA4.13 Adoptáronse as medidas de seguridade relacionadas coas operacións de finalización, manipulación e transformación de produtos gráficos mediante procedementos manuais

4.7.e) Contidos

Contidos
Características dos utensilios e as ferramentas para cortar, encartar, fender, pegar, encaixar, etc.
0Ensamblaxe de caixas, cartafolios ou outros produtos de papel e cartón.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental en procedementos manuais de finalización, manipulación, transformación e encadernación de produtos gráficos. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.
Manexo dos utensilios e as ferramentas (encartadora, coitela de corte, regras, brochas, prensa, brocas ocas, roletes, sacabocados e remachadoras).
Produtos e materiais para operacións básicas de finalización, manipulación, transformación e encadernación.
Encartadura manual de follas.



Contidos

Encolado de bloques.

Refilado de cantos de produtos gráficos.

Operacións simples de contracolado.

Operacións simples de perforación manual.

Preparación e fixación de elementos complementarios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES:

Os que aparecen no punto 4 C desta programación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

-O 50% da cualificación será a obtida dun examen práctico. Será necesario acadar o 50% para poder facer media co examen teórico.

-O 30% Un exame teórico. A cualificación será obtida a través de probas escritas tipo test ou desenrolo de preguntas ou temas. Será necesario acadar o 50% para facer media co examen práctico.

-O 20% Traballos realizados en clase, así como actitude. Deberanse ter entregados todos os traballos de clase para que podan puntuar.

Os alumnos/as que non superen o módulo no periodo ordinario, contan cunha recuperación en setembro. Esta recuperación constará dunha parte teórica que ten un peso do 40%, sendo necesario acadar o 50% da mesma para facer media ca proba práctica. E unha proba práctica que terá un peso do 60%, e sendo necesario acadar o 50% para sumar coa proba teórica.

Os alumnos/as de PD deben facer unha proba teórica e práctica en xuño, donde teñen que demostrar os mínimos exixidos nesta programación. A proba teórica terá un peso do 40%, sendo necesario acadar o 50% da mesma para facer media ca proba práctica. E unha proba práctica que terá un peso do 60%, e sendo necesario acadar o 50% para sumar coa proba teórica.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A programación didáctica adaptarase ás necesidades do alumnado. O profesor coordinará a programación e realizará o seguimento diario da súa aplicación, especialmente nos exercicios ou cuestións prantexadas. Tamén terase en conta as observacións que o resto de docentes fagan nas reunións de tutoría e/ou nas sesións de avaliación.

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno/a e ofrécense os recursos básicos coa fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos/as en función das súas necesidades concretas.

Proponse dúas actividades, secuenciadas no tempo para acadar os obxectivos dentro de cada unha das unidades didácticas:

o A primeira, común para todos os alumnos/as, é a de resolver un cuestionario, realizar unha práctica ou ambas opción con fin de asimilar os contidos e desenvolver as destrezas mínimas da unidade didáctica.

o A segunda proponse dependendo de si os alumnos/as acadaron os contidos mínimos ou non:

-No caso de acadar os mínimos esixidos, poderán realizar outro exercicio máis complexo para profundizar nos coñecementos.

-Os alumnos/as que non alcanzaron os contidos mínimos ao mesmo tempo que os anteriores, terán que realizar outro exercicio cos contidos máis detallados, recalando aqueles conceptos menos claros, e se é posible incluíndo exemplos do contorno (aula, centro, casa...) para que o alumno/a sexa capaz de conseguir a fin proposta.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tendo en conta o establecido na Orde do 5 de agosto de 2014, no seu artigo 14, no que non se contempla para o alumnado de F.P. Básica a Perda de dereito de avaliación continua a que se refire a Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 25; acórdase establecer, con carácter xeral, o seguinte:

1. Para aquel alumnado que supere o 15 % de faltas de asistencia de xeito continuado a un determinado módulo, con respecto a duración total do mesmo:

- Outorgarlle unha cualificación final cun peso diferente ao do resto do alumnado, sendo este peso dun 30 % menos sobre a cualificación final obtida.
- Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo de realizar unha única proba final teórico-práctica baseada no realizado, segundo programación, ao longo do curso. Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo una puntuación de 5 puntos.

2. Para aquel alumnado no que a súa falta de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontáraselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos; podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.

Terase en conta, para este segundo caso que, a pesares de que o alumno/a supere o 15 % total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia non se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun límite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1. En todo caso cada docente, na súa programación de módulo, establecerá as concrecións que considere oportunas, sempre dentro do establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) ou Regulamento de Réxime Interior (RRI) e sen que implique unha desviación significativa ao respecto do indicado neste acordo xeral do equipo docente.

O alumnado será informado dos criterios de avaliación e cualificación, ao inicio de curso e en todo caso, tan pronto como se produza calquera variación do desenvolvemento da programación fixada para cada materia e nivel/curso, conforme ao establecido na correspondente orde de calendario escolar e /ou outras instrucións e normativa vixentes en materia de avaliación dos módulos de ciclos de Formación Profesional Básica.

3. Os porcentaxes serán os seguintes para a avaliación:

3.1. Parte práctica. Computarán un 40% da nota.

Este traballo englobará as capacidades prácticas mínimas esixidas no curso académico.

3.2. Parte escritas (coñecementos). Computarán un 30% da nota.

Este exame englobará os coñecementos mínimos existidos no curso académico.

3.3. Traballo de clase e asistencia o 30% da nota tendo en conta neste punto o especificado no punto 1 e 2

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase mensual mente, cubrindo o documento PR.75.AUL. destinado para tal fin. O cal será entregado o xefe do departamento nas reunións mensuais.

Considérase que a avaliación da práctica docente, permite recoller información válida sobre os resultados da acción educativa, é indispensable

valorala para que os seus datos sirvan para incentivar ao alumnado.

Aínda que non hai unha metodoloxía específica para a avaliación docente, o profesor debe identificar as necesidades do alumnado e formular unha serie de preguntas: cómo aprende mellor e rende máis o alumno? con qué se cansa? qué axuda necesita? qué novos estímulos son necesarios? Unha vez feitas, débese reflexionar e tomar decisións sobre a adecuación ou non das actividades realizadas, e sobre a eficacia da metodoloxía e recursos tanto persoais como materiais empregados.

Mellorar o proceso de ensinanza, modificar o plan de actuación deseñado na programación, programar actividades de reforzo específico e introducir os mecanismos de corrección adecuados, son os obxectivos que se perseguen.

Como ferramentas para a concreción dos obxectivos cóntase con varios métodos:

- Por un lado coa observación, esta é un método de investigación, utilízase con moita frecuencia na maioría dos modelos de avaliación das labores académicas do docente.
- Compartir experiencias formais e informais cos meus compañeiros para a solución de problemas conxuntos.
- Lista de control, escala o cuestionario completado polo alumnado.
- É importante coñecer a situación de partida dos alumnos, detectar as dificultades que xurdan e valorar os resultados obtidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- O inicio do curso farase unha proba escrita individual que permita obter datos respecto á situación previa e intentar detectar algunha dificultade no alumno/a.
- O longo dos módulos e antes do inicio de cada un deles verase o punto de partida do alumnado cara a ese novo módulo, ven mediante unha proba escrita, ven observando as capacidades do alumnado ou mediante coloquio-entrevista.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta programación ten un carácter aberto e flexible para poder atender á diversidade de alumnos/as, posibilitando niveis de adaptarse ás condicións específicas de cada alumno/a, presentando como colectivos específicos os alumnos/as con necesidade educativas especiais, os bendotados intelctualmente e os estranxeiros.

Cando se trate de alumnos/as con necesidade especiais de aprendizaxe, será necesario:

- Personalizar o proceso de ensino-aprendizaxe o máximo posible e buscar que os alumnos/as traballen apoiándose uns nos outros co fin de conseguir suplir as deficiencias de cada un.
- Insistirase nos contidos mínimos e actividades de reforzo.
- Potenciarase a participación do alumno/a e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

Por outra parte, cando se trate de alumnos/as que requiran unha atención específica por ter un ritmo máis acelerado de aprendizaxe, podemos sinalar como actuación xerais:

- Plantexarlles un número adicional de supostos prácticos para facilitar o afundimento nos contidos e o desenvolvemento da súa capacidade de investigación e razoamento.
- Evitar a frustración ou o aburrimiento mediante contidos e casos prácticos mais complexos e variados nos momentos nos que se están a realizar exercicios, actividades ou aclaración de dúbidas e recapitulacións co resto da clase.
- Evitarlles os exercicios repetitivos e as prácticas superfluas en materias xa analizadas.

Por último, no caso de que existise algún alumno/a estranxeiro/a habería que tratar con carácter xeral e como elemento previo unha rápida e eficaz integración no grupo. Para iso como metodoloxía específica podemos sinalar:

- A creación de grupos de traballo nos que se integre o alumno e poida participar como un máis.
- Fomentar actitudes de respecto ás diferenzas individuais. É básico na metodoloxía didáctica que nos equipos de traballo se potencie un ambiente

de cordialidade e cooperación, así como as actitudes de respecto cara as diferenzas individuais, preservando as súas peculiaridades culturais, todo iso guiado polo sentimento de rexeitamento cara calquera situación xenófoba ou racista.

Para levar a cabo todas estas actuacións, as actividades de clase deben atender ao traballo en equipo e a axuda recíproca entre os alumnos/as.

Ten que establecerse unha continua comunicación, diálogo, entre profesor e alumno/a a fin de poder adaptar as actividades segundo os coñecementos de cada un.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Entre os contidos da programación hai temas indispensables para a formación de profesionais, pero sobre todo, debe de haber actitudes e valores.

Trátase de que os alumnos reflexionen sobre valores humanos esenciais e compartan as súas ideas cos seus compañeiros, amigos, profesores,...

A educación en valores comprende unha serie de ensinanzas que se deberán apoiar, facendo incapé no fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais, é básico que nos equipos de traballo se potencie un ambiente de cordialidade e cooperación, preservando as diferenzas culturais dos individuos. Esta educación en valores pode abarcar os seguintes ámbitos:

- Educación Moral e Cívica.
- Educación para a Paz.
- Educación para a Saúde.
- Educación Sexual.
- Educación Ambiental.
- Educación do Consumidor.
- Educación Vial.
- Educación para a Igualdade de oportunidades entre os sexos.
- Educación de non Discriminación por sexo, raza ou relixión.

O longo do curso potenciaranse os ámbitos anteriormente sinalados, ben mediante debates, ben con exemplos, co visionado dalgunha película, con presentacións PPS, etc...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Novembro Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego, AAGG-, Brandía e Tórculo)

10. Outros apartados

10.1) Avaliación inicial

Na primeira semana realizase un cuestionario da avaliación inicial, que logo se eleva a reunión de avaliación inicial.